

A Mariña

burela@el

EDUARD DEL CASTILLO GAÑADOR DO CERTAME DE POESÍA LEIRAS PULPEIRO DE MONDOÑEDO

► O barcelonés afincado en Santiago de Compostela Eduard del Castillo Velasco foi o gañador da última edición do certame de poesía Manuel Leiras Pulpeiro, un premio que foi o primeiro ao que se presentou e que pode que o anime a seguir escribindo, algo que agora é unha afección.

«Os cartos do premio é o que gana moita xente en varios meses»

TEXTO: **S.L.M.**
FOTO: **VELASCO**
slopez@elprogreso.es

A OBRA GAÑADORA é un conxunto poético no que baixo o título 'Mentres o tacto' o autor «reflexiona sobre a propia praxe poética desmitificando a súa transcendencia e ironizando sobre a lírica amatoria», segundo recolle no seu blogue o mestre Armando Requeixo, un dos membros do xurado, que fallou a favor da obra presentada por Eduard del Castillo, un mozo de 31 anos que adoita escribir, tanto en galego como en catalán, e tanto poesía como narrativa, pero que o fai un tanto ao chou, como unha afección, pero sen pretensión algunha, aínda que os bos resultados poderían animalo a seguir escribindo para outros certames. O galardón está dotado con 1.500 euros.

Imaxínoo contento por ganar este premio.

Si, supón unha grande alegría polo de animarte a seguir facendo cousas e é tamén unha axuda económica cando as cousas non van ben.

Son 1.500 euros, non sei se darán para moito.

Non me atrevo eu a dicir se son

moitos ou poucos cartos, é moi arriscado, pero en moitos traballos representa un soldo de varios meses e para moita xente aínda máis como están as cousas.

Gañou cun poema titulado 'Mentres o tacto'. Sobre que versa?


O certo é que é un conxunto de catro poemas e a verdade é que falar sobre el non é algo que me corresponde a min, porque fáieme algo difícil dicir algo sobre o que escribo, pero o certo é que non deixa de ser un poema de amor no que ironizo sobre os poemas de amor.

Adoita presentarse a moitos concursos?

A verdade, é o primeiro ao que me presento. Fíxeno un pouco por ver que pasaba, animado por xente á que lle gusta o que escribo. A verdade é que adoito escribir, aínda que o fago sen pretensión algunha, un pouco ao chou. Para min escribir é unha afección, como o que vai correr ou o que cultiva unha horta.

Igual o premio o anima a seguir escribindo, porque o seu foi chegar e encher.

Xa veremos; de momento, malas expectativas non teño, aínda que insisto en que son moi desordenado tanto no ler como no escribir. É



Eduard del Castillo.

|| Escribir é para min como unha afección, como ao que lle gusta saír correr ou cultivar unha horta»

por iso que tanto fago poesía como narrativa.

Vostede é de Barcelona, pero afincado en Compostela. Leva moito tempo en Santiago? Foi fácil adaptarse?

Vin a primeira vez hai quince anos, pero residindo levo preto de cinco. Estou ben, pero non me gusta idealizar. Galicia ten cousas que me gustan e outras que non, e tamén Barcelona.

Recollerá o premio o 8 de novembro en Mondoñedo. Xa coñece a cidade?

Ao final non será o día 8 senón o 15, porque o 9 eu teño que estar en Cataluña votando, se nos deixan. Respecto a Mondoñedo, xa estiven moitas veces en actos culturais e visitando a tumba de Cunqueiro. Coñezo ben a cidade e os seus escritores; xa sei que soa a tópico, pero Mondoñedo é un lugar que me gusta moito.

A que se dedica vostede profesionalmente?

Depende do momento, son tradutor literario e tamén profesor de lingua catalá e de galego, pero agora mesmo adícome máis á tradución literaria. Tamén me gusta moito a fotografía e escribir, tanto en galego como en catalán.